

# PROXECTO: AS EMOCIÓNS.

EMOCIÓN: A SORPRESA.

PROFESORA: AURORA.

Ola nenas e nenos!!!

A **sorpresa** é unha emoción primaria, básica e permítenos reaccionar ante cambios súbitos do contorno, bloqueándonos temporalmente.

Os nenos e nenas soedes sentir as emocións de forma moi intensa , tanto que vos desbordades polos nervios ou a alegría ante unha sorpresa ou un acontecemento especial.

Para axudarvos a entender mellor esta emoción, déixovos aquí un conto titulado "**La sorpresa de Nandi**" de **EILEEN BROWNE** para que o leades.

(Pica encima do título)

## Cuento la sorpresa de nandi

*Lístedes o conto?. Pois agora imos reflexionar!!!*

- A quen pensas ti que quería sorprender Nandi?.
- Con que quería sorprendela?.
- Quen pensas que resultou máis sorprendida?.

## Agora propóñovos...

- Facer unha ficha do conto onde apareza o título e o autor, podedes facer tamén un debuxo relacionado.
- Pensa cal foi a sorpresa máis grande que tiveches ti ao longo da túa vida. Quen che deu esa sorpresa?. Podes debuxar esa sorpresa empregando a técnica ou técnicas plásticas que queiras ( ceras, cores, témperas, plastilina,... ).

## Agora xogamos coa palabra **SORPRESA**

- Conta cantas vogais ten a palabra **sorpresa** e anótalo.
- Conta cantas consoantes ten e anótalo.
- Agora realiza a suma de vogais máis consoantes e averiguarás cantas letras ten a palabra **sorpresa**.
- Sabes de que outra maneira podes averiguar cantas letras ten a palabra **sorpresa** sen efectuar a suma de vogais e consoantes?.

## *Queredes seguir xogando?.*

### *Pois imos aló...*

- Xogamos a poñer caras de **sorpresa**.
- Xogamos ao xogo da **caixa de sorpresas**, como a que tiñamos na clase, acordádesvos?.

Podedes facela na casa coa axuda de papá e mamá e decorala como queiredes, non vos esquezades de deixar un burato por onde poder meter a man. Logo un de vós mete dentro un obxecto e os demais introducindo a man polo burato a través do tacto tedes que averiguar de que obxecto se trata. **Boa sorte!!!**

Pois xa sabedes, nenas e nenos, ás noticias ou situacións que non nos esperamos chamámoslles *sorpresas*, e poden deixarnos coa boca aberta.



Para rematar déixovos esta adiviña:

*Lo mejor que tengo,  
es que no me esperas,  
pero cuando llego  
tu corazón se llena.  
¿Quién soy?*

Espero que disfrutedes realizando estas actividades!!!

*Unha aperta forte e ata a próxima **SORPRESA!!!***

